

Benqueridas familias:

Unha vez máis poñémonos en contacto convosco, nesta ocasión para vos informar sobre o servizo de comedor para este curso 26-27.

Antes de anotar aos vosos fillos, lede con atención as seguintes indicacións:

- O [formulario](#) de inscrición pecharase o venres 4 de setembro, ás 14:00 h.
- O servizo de comedor comezará o xoves 10 de setembro.
- É necesario facer unha inscrición por alumno.
- O formulario deberán cubri-lo neste prazo os que necesiten empezar en setembro ou en outubro.
- Durante os meses de setembro e xuño, a recollida dos nenos será ata as 15:00 h. Este horario manterase tamén todos os venres do curso.
- As familias que fagan uso do servizo de comedor en días puntuais deberán comunicalo **antes das 9:30 h do mesmo día.**
- As familias usuarias comprométese a ler e aceptar as [normas do comedor](#) unha vez cuberto o formulario de inscrición.
- Os pagamentos realizaranse mensualmente mediante cargo bancario. Para poder inscribir a un alumno neste novo curso é necesario ter liquidado o saldo negativo do curso anterior, no caso de que exista algún recibo pendente.

A continuación detallamos os prezos para este curso segundo a modalidade escollida:

Abono mensual de luns a venres:	130 euros/mes
Abono mensual de luns a xoves:	113 euros/mes.
Pagamento por días soltos:	9 euros/día
Eventuais fixos:	9 euros/día

Mes de setembro

Fixos de luns a xoves:	94 euros/mes
Fixos de luns a venres:	114 euros/mes

Un saúdo
A dirección